



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de abril de 2018

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de abril de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(387).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de abril, ordinaria do 5 de abril e extraordinaria e urxente do 9 de abril de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(388).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUBE BALONMÁN SEIS DE NADAL-COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA 2017/2018. EXPTE. 17012/333.

Visto o informe de fiscalización do 11/03/18 e o informe xurídico de 14/03/18, dáse conta do informe-proposta do 26/02/18, asinado polo director deportivo-xefe da unidade técnica, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.18 a favor da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2017/2018.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia conta cun equipo de elite na modalidade de Balonmán Feminino na categoría División de Honra Prata. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Prata hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

–O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.



Concello de Vigo

- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes

orxamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida orzamentaria 3410.489.00.18, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia durante a tempada deportiva 2017/2018, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2017/2018 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€. a favor da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia co CIF: G-36948115 e enderezo social na rúa rúa Mondariz, 2, 36209, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17012-



Concello de Vigo

333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.18 do vixente orzamento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB BALONMÁN SEIS DE NADAL COIA RELATIVO A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018 (EXPTE./333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, Dona María Prelchi Gallego como presidenta da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia CIF nº G-36948115. e enderezo social na rúa rúa Mondariz, 2, 36209 e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17012-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra Prata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2017/2018.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.18. prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia na tempada deportiva 2017/2018.

VI.- Que a entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 17012-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.



Concello de Vigo

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de balonmán na tempada 2017/2018.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

9º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Balonmán Seis do Nadal-Coia unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.18 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2017/2018. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2017/2018, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de



Concello de Vigo

facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2017/2018. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2018, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de



Concello de Vigo

decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de 2018.

3(389).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE VIAJES SANTIAGO PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO INTERNACIONAL DE 501 DARDOS ELECTRÓNICOS RADIKAL. EXPTE. 17097/333.

Visto o informe xurídico do 23/03/18 e o informe de fiscalización do 11/04/18, dáse conta do informe-proposta do 16/04/18, asinado polo director deportivo e xefe da Unidade Técnica e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 17097/333 sobre o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Sociedade Viajes Santiago, en relación á organización do Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal, e atendendo ó informe de data 11/04/18 remitido pola área de intervención do Concello de Vigo, procédese á modificación da proposta tal como a continuación se detalla:

- Modifícase o pacto sétimo do clausulado do convenio adaptándoo para dar cumprimento á obriga imposta polo artigo 14.2 a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, quedando tal como se detalla:
 - **Sétimo.-** A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse, tal como establece o artigo 14.2 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, con facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola

presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Atendendo ós antecedentes descritos, faise o seguinte

INFORME PROPOSTA:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 05/03/18 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa sociedade Viajes Santiago, para a organización do Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal.

O evento terá lugar entre os días 12, 13, 14 e 15 de abril de 2018, no auditorio Mar de Vigo.

O evento, organizado pola sociedade Viajes Santiago, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Manuel Ángel Cabana Rey propietario único da entidade e dos dereitos do evento na cidade de Vigo manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca na cidade de Vigo. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).



Concello de Vigo

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Campionato Internacional de 501 dardos Radikal, segundo o presuposto presentado pola entidade Viajes Santyago, ascenden a un total de 64.642,00 euros. Viajes Santyago está en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos do texto do convenio.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.470.0000 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 25.000,00 (vinte cinco mil euros), para o “Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrència pública, dado que Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535 ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Este convenio está suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Viajes Santyago asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubran a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguros de accidentes dos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do evento.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 64.642,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan no anexo II deste convenio por importe de 25.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 38,67% do total do gasto previsto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración

do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que Viajes Santyago non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17097/333.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, o Alcalde de Vigo está facultado para asinar o citado convenio.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a sociedade Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535, para a organización do Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal, que terá lugar os vindeiros 11, 12, 13, 14 e 15 de abril de 2018.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor de Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535, con cargo á aplicación presupostaria 33410.470.0000 do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE VIAJES SANTYAGO PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO INTERNACIONAL DE 501 DARDOS ELECTRÓNICOS RADIKAL".(expediente 17097/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde da cidade de Vigo.



Concello de Vigo

Doutra, D. Manuel Ángel Cabana Rey Dni. 33233829W, como administrador solidario da sociedade Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535 e enderezo social na Avda. de Vilagarcía, 7, baixo, en Santiago de Compostela, na representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente nº 17097/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a sociedade Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535 é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar, que ten por obxecto social, entre outros, a organización e o montaxe de exposicións, cursos, xornadas de traballo, simposiums, reunións de carácter científico, social, cultural, deportivo e profesional, e que ten os dereitos de representación en exclusiva e explotación directa do Campionato Internacional de 501 dardos Radikal.

Esta entidade, plantexa un importante proxecto deportivo do cal ten todos os dereitos, que converterá á cidade de Vigo no centro de atención internacional da modalidade de 501 dardos.

II.- Que os vindeiros días 12, 13, 14 e 15 de abril de 2018, a entidade organiza o Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal, que lle outorga un valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel internacional, e que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa da competición inclúe modalidades de xogo de seleccións, individuais, parellas e equipos, cunha participación prevista de 3.500 deportistas. Esta enorme volume de participantes, que acceden á competición a través de fases previas, motiva a atención dun elevadísimo volume de siareiros en todo o mundo, xa que participarán deportistas de España, Portugal, Alemania, Austria, Bélxica, Italia, Países Baixos, Noruega, Malasia, Turkía e EEUU, o que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes dinamizadores na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración do Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a

concorrenza pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, e por dispoñer a entidade organizadora das autorizacións necesarias, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que a sociedade Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535 non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade organizada pola sociedade Viajes Sant Yago S.A., CIF A-15107535, o Concello de Vigo e a dita entidade, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A sociedade Viajes Sant Yago S.A. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:



Concello de Vigo

1º.- Conceder directamente a Viajes Sant Yago S.A. unha subvención polo importe de 25.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Campionato Internacional de 501 dardos electrónicos Radikal". Este crédito é con cargo á partida 3410.470.00.00 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da competición obxecto do convenio (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse, tal como establece o artigo 14.2 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, con facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto



Concello de Vigo

presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de ____.

4(390).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2018. EXPTE. 18809/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/04/18, asinado pola xefe de servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

“En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2017, a concelleira-delegada de Educación, D^a Olga Alonso Suárez, da conta á Xunta de goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Educación no primeiro trimestre de 2018, e que son os que deseguido se relacionan.

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
21751-332	SERV. CONTROL OPERATIVO E EVALUACIÓN DA CALIDADE DO SERV. DO SERVIZO DE LIMPEZA EN CCPP E EEMM	16-01-2018	18.150,00
21766-332	MANTEMENTO ANUAL DE SISTEMAS DE DETENCIÓN DE INCENDIOS EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS	19-01-2018	4.000,00
21772-332	SERVIZO DE CUSTODIA DE CHAVES E ACUDA DOS COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO	07-02-2018	21.779,00
21779-332	SERVS. MANTEMENTO EQUIPOS INFORMÁTICOS DURANTE O ANO 2018 AULAS UNED PLANTA 4,5,6 NO EDIF. MAR DE VIGO	30-01-2018	4.961,00
21782-332	MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS	07-02-2018	9.147,60
21811-332	TRATAMENTO ANUAL OBRIGATORIO CONTRA A LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DE ACS NOS CENTROS ESCOLARES	15-02-2018	14.399,00
21817-332	SERV. MANTEMENTO ASCENSORES RÚA SAN VICENTE ESQ. MENDEZ NUÑEZ	17-02-2018	2.239,50
21818-332	SERVIZO CONEXIÓN CENTRAL ALARMAS E REVISIÓN SISTEMA SEGURIDADE EDIF. AULA UNED VIGO (CASCO VELLO)	20-02-2018	391,10
21851-332	TRATAMENTO DA PROCESIONARIA NOS CENTROS CARBALLAL CABRAL E SALADINO CORTIZO	05-03-2018	375,10
21859-332	ADQUISICIÓN PROXECTORES E OUTRO INMOBILIZADO PARA AULA DE ESTUDOS NO EDIF. MAR DE VIGO DA AVDA. BEIRAMAR	07-03-2018	5.506,71
21757-332	DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV)	16-01-2018	14.269,80
21770-332	MANTEMENTO ANUAL SISTEMAS DE ALARMA DE ROBO EN CENTROS EDUCATIVOS	25-01-2018	9.680,00
21771-332	MANTEMENTO ANUAL SISTEMA CENTRAL ALARMA DE ROUBO EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS	23-01-2018	11.132,00
21780-332	PROGRAMA EDUCATIVO "COÑECE O TEU CONCELLO 2018"	31-01-2018	14.925,35
21783-332	PEQUENAS OBRAS DE REPARACIÓN EN VARIOS EDIFICIOS ESCOLARES	06-02-2018	3.620,32
21798-332	TRANSPORTE ESCOLAR DO CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE Dende MARZO ATA MAIO 2018	08-02-2018	6.851,97



Concello de Vigo

21799-332	PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO NOS RECINTOS DO CEIP JAVIER SENSAT E NO INSTITUTO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN	09-02-2018	2.403,06
21800-332	OBRAS URXENTES DE REPARACIÓN EN EDIFICIOS COLEXIOS PÚBLICOS	15-02-2018	6.354,92
21816-332	IMPERMEABILIZACIÓN DE SALA DE CALDEIRAS NA E.I.M. CASTRELOS MESTRES GOLDAR	17-02-2018	5.989,50
21821-332	RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS DAS CUBERTAS DOS EDIFICIOS DO CEIP PINTOR LAXEIRO	26-02-2018	15.558,18
21843-332	TRABALLOS TÉCNICOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DAS FERRAMENTAS WEB E ONLINE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN	02-03-2018	5.929,00
21857-332	ACONDICIONAMENTO PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP MESTRES GOLDAR	07-03-2018	28.459,20
21765-332	REPARACIÓNS DE MANTEMENTO ELECTRICO NOS COLEXIOS PÚBLICOS E NAS ESCOLAS MUNICIPAIS	17-02-2018	21.779,00
21746-332	OBRAS DE MANTEMENTO EN RECINTOS ESCOLARES	11-01-2018	50.000,00
21747-332	PEQUENAS OBRAS NOS EDIFICIOS ESCOLARES E NAS ESCOLAS MUNICIPAIS	12-01-2018	50.000,00
21752-332	ADQUISICIÓN DE MATERIAL NON INVENTARIABLE	16-01-2018	2.000,00
21754-332	GASTOS DE ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	16-01-2018	2.500,00
21755-332	ADQUISICIÓN DE LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS	16-01-2018	8.500,00
21756-332	GASTOS DE ACOMPAÑAMENTO DE ESCOLARES A ACTIVIDADES (MONITORAXE)	16-01-2018	5.000,00
21758-332	GASTOS DE PUBLICIDADE DO SERV. DE EDUCACIÓN	16-01-2018	5.000,00
21759-332	SERV. TRANSPORTES DE ESCOLARES A ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO	16-01-2018	9.000,00
21760-332	PAGO DE SUMINISTROS	16-01-2018	600,00
21761-332	GASTOS DE TRANSPORTES DE MERCADURÍAS DO SERVIZO DE EDUCACIÓN	17-01-2018	1.500,00
21763-332	SUBMINISTRO DE GASOLEO A CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS	18-01-2018	20.000,00
21764-332	GASTOS DE REPARACIÓNS DE MAQUINARIA	18-01-2018	11.500,00
21774-332	XESTIÓN DE ENTULLOS DAS OBRAS DESENVOLTAS NOS COLEXIOS PÚBLICOS	30-01-2018	18.000,00
21815-332	REPARACIÓNS INSTRUMENTOS ESCOLA MUSICA	13-02-2018	1.000,00
EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN / EMAO	DATA	IMPORTE €
407-613	MANTEMENTO INFORMÁTICO	11-01-2018	1.980,00
408-613	ADQUISICIÓN OUTROS SUBMINISTROS	11-01-2018	1.300,00
409-613	MATERIAL DE OFICINA	11-01-2018	1.000,00
410-613	PUBLICACIÓNS, SUBSCRIPCIÓNS E REVISTAS BIBLIOTECA	16-01-2018	6.000,00
411-613	ADQUISICIÓN MAQUINARIA	11-01-2018	3.000,00
412-613	MATERIAL AULAS E TALLERES	11-01-2018	10.000,00
413-613	REPARACIÓNS VARIAS EDIFICIOS	11-01-2018	7.000,00

414-613	GASTOS TRANSPORTE E MENSAXERÍA	11-01-2018	1.300,00
415-613	REPARACION MOBILIARIO EMAO	11-01-2018	300,00
416-613	REPARACION MAQUINARIA INSTALACIONES E UTILIDADE	11-01-2018	7.000,00
417-613	PRODUCCIÓN SÁ EXPOSICIÓNS	30-12-1899	10.000,00
418-613	ASCENSORES SCHINDLER	12-01-2018	2.767,83
419-613	MANTEMENTO ASCENSOR ENOR	11-01-2018	1.572,12
420-613	APLICATIVO XESTION ALUMNADO	11-01-2018	1.270,50
421-613	SISTEMAS INTRUSIÓN E CONTRAINCENDIOS	16-01-2018	3.200,72
423-613	INSPECCIÓN PERIODICA OFICIAL ASCENSOR ENOR	29-01-2018	78,65
424-613	SISTEMA INSTALACIÓN GAS AULA OURIVARÍA	29-01-2018	201,67
426-613	RESTAURACIÓN LIBROS FONDO HISTORICO BIBLIOTECA	28-02-2018	2.480,50
433-613	ADQUISICIÓN LAMPARAS AULA DE OURIVARÍA	09-02-2018	433,93

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(391).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XGL DE APROBACIÓN DE “SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA), PARA O ANO 2018”. EXPTE. 21829/332.

Dáse conta do informe-proposta do 10/04/18, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e conformado pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“(Modificado para correxir erro advertido no acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 22 de marzo de 2018, xa que observouse a ausencia no clausulado -sexto pacto- da proposta de convenio, da observación sobre a obriga da Foanpa de relacionarse electrónicamente co Concello realizada no informe do Servizo Municipal de Intervención de data 12/03/2018, e recollida no informe proposta modificado do Servizo Municipal de Educación de data 15/03/18)

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 22 de marzo de 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo: Aprobar a subvención nominativa mediante convenio de colaboración coa Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca (Foanpa), para o ano 2018 (Expte. 21829/332).

Na xestión do trámite posterior para proceder á sinatura do convenio, advertiuse un erro material involuntario no citado acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, o cal non implica alteración algunha do compromiso económico adoitado polo órgano competente. Observouse a non inclusión no clausulado do pacto sexto da proposta de convenio que obriga á Foanpa a relacionarse electrónicamente co Concello, e que foi realizada polo



Concello de Vigo

Servizo Municipal de Intervención no seu informe de data 12/03/2018 e recollida no informe proposta modificado do Servizo Municipal de Educación de data 15/03/2018.

Consecuentemente, o acordo da Xunta de Goberno Local sobre o asunto de referencia do presente informe, recolle a aprobación de 17 pactos na proposta de convenio, mentres que o texto de proxecto de convenio que se propón no informe proposta modificado do Servizo Municipal de Educación de data 15/03/18 recolle 18 pactos.

Consonte ao anteriormente exposto, cómpre engadir nun novo acordo do órgano colexiado o pacto sexto que se propón no texto do proxecto de convenio e que estaba incluído no informe proposta modificado do Servizo Municipal de Educación de data 15/03/18, e que literalmente dí: "**Sexto.-** *En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais de País de Vigo e comarca (FOANPA) está obrigada a relacionarse electrónicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>."*

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á "asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación", que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais".

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada

lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal. O convenio obxecto do expediente é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral e ao abeiro dos artigos 25 do Real Decreto Legislativo 3/2011, 88.1 LRXPA e 111 TRRL –no que ás entidades locais especificamente se refire—, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados. O Concello de Vigo ostenta competencias para a realización das actividades ás que se refire o convenio para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2018 .

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrumpido en exercizos anteriores dende hai máis de catorce anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, e dita entidade ten presentado a través do rexistro xeral



Concello de Vigo

municipal en data 16/02/2018 e co nº de doc. 180025682 a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

O obxecto deste convenio non está comprendido nos contratos regulados no Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que, dacordo co disposto no art. 4 de dita norma, o convenio que nos ocupa queda fóra do seu ámbito e se rexerá polas súas normas especiais.

Toda vez que o convenio prevé unha disposición dineraria por parte do Concello de Vigo a favor da FOANPA, sen contraprestación directa desta, suxeita ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social – xestión de comedores, actividades extraescolares, formación de ANPAS e gastos de xestión da Federación- co cumprimento das obrigas pactadas no convenio, estamos en presenza da concesión directa dunha subvención á FOANPA por convenio que se rexe pola lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións (D.O.G.A. 121 do 25 de xuño do 2007). O artigo 5.2, da lei de subvencións establece que a xestión das subvencións se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, sinalando o artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, o artigo 19.4 establece que poderán concederse directamente as subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais co crédito adecuado e suficiente para a súa concesión, neste caso e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, con cargo á partida 3260.489.00.01 “Convenio Foanpa” que conta cunha dotación de 606.039,31.-€, pertencente ao orzamento municipal de 2018.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2018. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través

do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe, dar conta do erro advertido no acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 22 de marzo de 2018, xa que observouse a ausencia no clausulado -sexto pacto- da proposta de convenio, da observación sobre a obriga da Foanpa de relacionarse electrónicamente co Concello realizada no informe do Servizo Municipal de Intervención de data 12/03/2018, e recollida no informe proposta modificado do Servizo Municipal de Educación de data 15/03/18. En todo caso a subsanación deste erro non implica modificación do compromiso adoitado polo órgano competente.

Achégase o texto proposto para que novamente, se someta á consideración da Xunta de Goberno Local:

“1º.- Aprobar a concesión directa da subvención de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** a favor da **Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946)**, para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2018; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.00.01** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA) para o ano 2018**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2018, e que de deseguido se dí:



Concello de Vigo

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2018”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, dona M^a Carmen Rivas Corbacho, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 21829-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade

educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2018, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31.-€**, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2018.



Concello de Vigo

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 21829-332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- *A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.*

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2 Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3 Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
- 4 Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5 Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
- 6 Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7 Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
- 8 En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL***

TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00.-€** coa asinatura do convenio e antes do 30 de maio.
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65.-€** a fin de curso e antes do 30 de xullo, e
- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66.-€**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2. O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A Foanpa e Anpas asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta á normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do



Concello de Vigo

Rexistro Central de delinquentes sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- *O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a Foanpa deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.880.176,75- euros (78.000,00.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.038.483,00-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.763.693,75.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- *En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais de Pais de Vigo e comarca (FOANPA) está obrigada a relacionarse*

electrónicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo.

Noveno.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

Décimo primeiro.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.



Concello de Vigo

Décimo segundo.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2018, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo cuarto.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sétimo.- A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeráse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

6(392).- PROCEDIMIENTO DE PAGO DE BECAS-AXUDAS PARA OS PARTICIPANTES DA FORMACIÓN “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE 2018”. EXPTE. 15148/77.

Visto o informe de fiscalización do 16/04/18, dáse conta do informe-proposta do 09/04/18, asinado pola técnica de administración xeral de Desenvolvemento local e Emprego, conformado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“I. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria de data 27 de xullo de 2017, acordou a aceptación da axuda para o proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (expte. 13874/77), subvención concedida polo Ministerio de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales, según Resolución de data 6 de xullo de 2017, publicada no BOE de data 6 de xullo de 2017, para o proxecto 1120 denominado “Vigo polo Emprego da Mocidade” enmarcado dentro das axudas do Fondo Social Europeo destinadas á integración sostible de persoas xóvenes no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Na aceptación e resolución encoméndase ao Servizo de Desenvolvemento Local a execución do proxecto con indicación das accións a realizar, que deberán ser actuacións contempladas no proxecto inicial.

Na memoria das accións a cofinanciar con cargo à subvención, o Servizo de Desenvolvemento Local propuxo, entre outras actividades, a realización de **itinerarios formativos e as**



Concello de Vigo

actividades de información, orientación e busca de emprego asociadas aos mesmos que deberán desenvolverse integramente en 2018, que permitirán a incorporación ao programa de 165 novos desempregados/as aos que se lle ofrecería orientación personalizada, formación axeitada ao seu perfil e necesidades e prácticas profesionais en empresas para así lograr a inserción social e laboral.

A memoria do proxecto de solicitude, baixo a Orden HAP/1337/2016, de 27 de xullo de 2016 (BOE 3 de Agosto de 2016) do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas do Fondo social Europeo previstas no Programa Operativo de Empleo Juvenil, destinadas á integración sostible de persoas xóvenes no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil, establece - na Descrición das actividades subvencionable incluídas no proxecto, no *apartado 3.Determinación do itinerario de inserción personalizado* - a **Asignación de axudas/becas** para os xóvenes desempregados que participen nos módulos de práctica profesional e formación previstos no proxecto, establecendo que se aportará unha contía de 4 euros por hora de formación na que participen.

Estas axudas serán compatibles coa percepción da prestación e subsidio por desemprego así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade, se ben o conxunto das rentas percibidas por cada persoa beneficiaria da axuda por estes conceptos, incluído o importe da beca, non poderá superar o 75% da contía do IPREM.

II. A estes efectos o Servizo solicitou a xeración de crédito na partida 2410 4800009 Becas-Axudas Vigo emprego pola Mocidade VEM por importe de 87.360,00 € estimando o número de accións formativas a desenvolver na anualidade, o número de beneficiarios/as de cada acción, a duración en meses o importe máximo da bolsa a cobrar cada mes que é de 88€, segundo consta no orzamento do proxecto da memoria presentada, segundo o seguinte desglose:

Denominación	Nº de cursos	Horas		Alum.Total	Días edic.	Total*días(4€/día)
		Horas	Alumnos			
Xestión de Pymes	2	520	15	30	104	12.480,00 €
Desarrollador de páxinas web	3	560	15	45	112	20.160,00 €
Operacións básicas de cociña	3	350	15	45	70	12.600,00 €
Operacións básicas de rest.	3	290	15	45	58	10.440,00 €
Inglés	11	180	15	165	36	23.760,00 €
Sensibilización na igualdade oport.	11	20	15	165	4	2.640,00 €
Alfabetización informática	11	25	15	165	5	3.300,00 €
Marca persoal e búsqueda emprego	11	4	15	165	1	660,00 €
Redes sociais e emprego	11	8	15	165	2	1.320,00 €
Total						87.360,00 €

Porén, advírtese a existencia dun erro material na determinación da contía de 4 euros por hora de formación tal e como consta na memoria aprobada, sendo o correcto a de **4 euros por día de formación**, tendo en conta que o contrario suporía un importe no concepto de becas de 2.493.420,00 €, en lugar dos 86.360,00 €, que responden ao cálculo correcto.

Polo tanto, resulta procedente a rectificación do erro material advertido no apartado de Asignación de becas, en virtude do disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que permite ás Administracións Públicas rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En base á memoria aprobada e, para a determinación dos usuarios/as, con dereito a beca, o importe máximo mensual e diario e a forma de pago, propónse aprobar o seguinte procedemento:

1. Segundo as Bases Reguladoras e as Instrucións para a aplicación e desenvolvemento da concesión das axudas da Subvención Global do FSE, as becas-axudas dos/as beneficiarios/as do proxecto non serán incompatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

2. A cada usuario/a que se achegue ós servizos do proxecto pediráselle que xustifique a súa situación de desemprego e que demostre se cobra algún tipo de axuda ou prestación.

3. De ser así, valorarase a contía da mesma e compararase coa contía do IPREM (fixado para cada anualidade) aportándolle unha beca /axuda durante o tempo que o/a usuario/a estea formándose.

4. No caso de que a prestación ou axuda que perciba supere o montante do 75% do IPREM , o proxecto non lle aportará renda.

5. O importe máximo mensual por beneficiario/a das becas-axudas para a anualidade 2018 será de 88 euros (4 euros/diariosx22 días laborais).

6. O importe máximo diario das becas-axudas por beneficiario/a para a anualidade será de 4 euros.

7. O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica, formación transversal presencial e prácticas laborais asociadas

8. Non se aboarán as faltas non xustificadas.

9. Dado que a maioría dos participantes atópanse en situación de desemprego e non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da bolsa-axuda para o seu sustento económico, faise necesario que o **pago destas bolsas se faga a mes vencido** dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro.

10. Para o pago destas bolsas dende a dirección do proxecto **remitirase a Intervención Xeral Municipal antes do día 5 de cada mes** a documentación relativa á asistencia dos cursos, que inclúe o informe da asistencia as actividades de formación dos participantes coas contías que se lles deben pagar en función da asistencia e según as circunstancias persoais.

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase, para a anualidade 2018, un custe aproximado inicial en concepto de becas-axudas para o proxecto Vigo polo emprego da Mocidade de **Oitenta e sete mil trescentos sesenta (87.360,00€)**

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2410 4800009 "Becas-Axudas Vigo polo emprego da mocidade".

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Proceder, de conformidade coa fundamentación anteriormente exposta, á corrección do erro material advertido na memoria das accións a cofinanciar con cargo à subvención aprobada no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 27/07/2018, que reflicte, no apartado de Asignación de becas "Se aportará unha contía de 4 euros por hora de formación no que participen" cando o que debe dicir é: "Se aportará unha contía de 4 euros por día de formación no que participen"

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de Oitenta e sete mil trescentos sesenta (87.360,00€) para facer fronte as becas-axudas que se devenguen no exercicio 2018,



Concello de Vigo

pola asistencia aos cursos dos/as participantes no Proxecto VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE, con cargo á partida orzamentaría 2410 4800009 "Becas-axudas Vigo polo emprego da mocidade".

TERCEIRO: Aprobar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2018 será de **88 euros/mes e de 4 euros/día** .

CUARTO: Aprobar para a anualidade 2018 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Proxecto, consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de personal, a seguinte documentación:

- Informe da xefatura do Servizo, de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas, e contías que se lle deben pagar aos/as participantes na formación, en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, durante a súa participación no proxecto.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(393).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE MARZO DE 2018. EXPTE. 7420/335.

Dáse conta do informe-proposta do 11/04/18, asinado pola xefa de servizo de Festas e conformado pola concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

"Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2017, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de marzo de 2018.

Expte: 7393/335. CONTRATACIÓN DOS PLANTÓNOS DE APERTURA DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS CON MOTIVO DE CESIÓNS E OBRAS DURANTE O ANO 2018

Decreto concelleira data: 06/03/2018

Informe Intervención: RCM 23387

Adxudicatario: SACAFERRO SL

Importe total: 5.348,08 EUROS

Expte: 7394/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DUN SERÁN TRADICIONAL NO CALVARIO CON MOTIVO DO SAMAÍN 2018

Decreto concelleira data: 06/03/2018

Informe Intervención: RCM 2338

Adxudicatario: ASOCIACIÓN CULTURAL E FOLCLÓRICA O FIADEIRO

Importe total: 4.500,00 EUROS

Expte: 7398/335. CONTRATACIÓN DA SEMANA INFANTIL POR BARRIOS CON MOTIVO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2018

Decreto concelleira data: 07/03/2018

Informe Intervención: RCM 24059

Adxudicatario: KOREMI REHABILITACIÓN SL

Importe total: 15.371,00 EUROS

Expte: 7399/335. CONTRATACIÓN DE ANIMACIÓNS DE RÚA PARA A RÚA PRÍNCIPE E O CALVARIO CON MOTIVO DO SAMAÍN 2018

Decreto concelleira data: 07/03/2018

Informe Intervención: RCM 24060

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL E OUTRA

Importe total: 4.639,20 EUROS

Expte: 7400/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS INFANTÍS PARA A PORTA DO SOL E O CALVARIO CON MOTIVO DO SAMAÍN 2018

Decreto concelleira data: 07/03/2018

Informe Intervención: RCM 24062

Adxudicatario: BARAFUNDA SL E OUTRAS 2

Importe total: 8.162,26 EUROS

Expte: 7403/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO, PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2018

Decreto concelleira data: 07/03/2018

Informe Intervención: RCM 24064

Adxudicatario: PUBLIGAL SL

Importe total: 12.857,04 EUROS

Expte: 7404/335. CONTRATACIÓN DA VENDA DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2018

Decreto concelleira data: 07/03/2018

Informe Intervención: RCM 24065

Adxudicatario: TICKETEA SL

Importe total: 12.100,00 EUROS"

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

8(394).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2018. EXPTE. 8256/224.

Visto o informe xurídico do 22/03/18 e o informe de fiscalización de 11/04/18, dáse conta do informe-proposta do 21/03/18, asinado polo axente de Igualdade e conformado pola xefa do servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres realizadas desde o 1 de xaneiro ao 15 de novembro de 2018, e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “k” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de

decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaria 2311 4890000, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirvan como exemplo as referencias dos seguintes expedientes: 5484/224 do 2012 e 5823/224 do 2013. Polo exposto anteriormente, xustifícase a continuidade que require a norma.

En relación á finalidade desta convocatoria, valórase a necesidade de regular o procedemento de subvencións que o Concello de Vigo ten contemplado no vixente orzamento, polo cal esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencións a entidades sen fin de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2018. Con tal motivo, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, propón a regulación do acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 46.000,00€ que será efectivo con cargo á partida específica: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2018; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2018 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2018, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á



Concello de Vigo

Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 46.000,00€ (corenta e seis mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(395).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, E ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE FINANCIAMENTO E DEMAIS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA ORDE, Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2374/334

Visto o informe xurídico do 10/04/18, dáse conta do informe-proposta do 09/04/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

“O DOG do 2 de abril (núm. 63) recolle a publicación da Orde do 16 de marzo de 2018 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

No artigo 4 establécese que dentro das “Modalidades de axuda” está a de “Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local”, enténdese baixo este epígrafe “...a dotación de continuidade dun servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións”.

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.b e 4.2.c (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

O SNL conta cunha técnica e unha administrativa, en períodos puntuais, como na actualidade conta cun técnico/a medio, por acumulación de tarefas. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana, cara podermos desempeñar o labor programado anualmente.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábreunos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística **para o mantemento do SNL** por un total de 20.000 euros.

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 16 de marzo de 2018."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(396).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE MARZO DE 2018. EXPTE. 2379/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/04/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

"Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de marzo de 2018.

Expediente	2363-334. Actividade do Correlingua polo Día das Letras Galegas
Decreto concelleira	data 6 de marzo de 2018
Informe Intervención	RC 23415
Adxudicatario	Asociación Cultural Correlingua
Importe	3,000,00 euros

“

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

11(397).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS -DIRECCIÓN DE INGRESOS-) DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A. EXPTE. 31570/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/04/18, dáse conta do informe-proposta do 04/04/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 4 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo: “PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E REVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS POR PERSOAS XURÍDICAS A EFECTOS DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE. 27971/220.”

II.- Entre as necesidades referenciadas no expediente contéplase, entre outros, un/unha enxeñeiro técnico, subgrupo A2, cunha duración de tres anos.

III.- En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 19/03/2018, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Actuación para a investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do I.A.E. Expte. 27971-220), dun/dunha enxeñeiro/a técnico/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de 11 meses, finalizando en todo caso ao finalizar o programa, xustificada nas necesidades de Dirección de Ingresos, que constan no programa que figura no expediente 27971-220).

Tendo en conta que a realización do programa va indisolublemente ligado ao nomeamento de persoal necesario para o desenvolvemento do mesmo, se terá como data de inicio do programa, a data de toma de posesión como funcionario/a interino/a do enxeñeiro/a técnico/a.

IV.- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/a técnico/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Fernando Lago López, con DNI *****461-N, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

V.- Con data 26/03/2018, polo Técnico de Organización e Planificación, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer



Concello de Vigo

grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses máis (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Tendo en conta que a realización do programa va indisolublemente ligado ao nomeamento de persoal necesario para o desenvolvemento do mesmo, se terá como data de inicio do programa, a data de toma de posesión como funcionario/a interino/a do enxeñeiro/a técnico/a.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 346- enxeñeiro/a técnico/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe de data 23/03/2017, asinado pola Xefa de Inspección de Tributos, a Directora de Ingresos e conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda; así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 19/03/2018, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias



Concello de Vigo

das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, neste caso, ao considerarse a Dirección de Ingresos, como servizos públicos esenciais, de carácter interno e transversal, cuxa actividade resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período de 3 anos para o referido programa, supón un gasto de **128.510,74 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, ao que haberá que engadirse a cantidade de **39.660,85 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 346 – enxeñeiro-técnico), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente” do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2017.

V. Verificación das listas de reserva:

Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Fernando Lago López, con DNI *****461-N, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como **Enxeñeiro/a Técnico/a**, subgrupo A2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de tres anos, finalizando en todo caso ao rematar o programa, xustificada nas necesidades de Dirección de Ingresos, que constan no programa que figura no expediente 27971-220, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data sesión ordinaria do 4 de maio de 2017. Se terá como data de inicio do programa, a data de toma de posesión como funcionario/a interino/a do enxeñeiro/a técnico/a.

En consecuencia, autorizar o gasto de **128.510,74 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal "**Programa de Actuación para a investigación e revisión das actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas a efectos do I.A.E. Expte. 27971-220**", por un período máximo de 3 anos, a **D. Fernando Lago López, con DNI *****461-N**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (máximo tres anos dende o nomeamento) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 346-Enxeñeiro/a técnico/a, sendo adscrito a Dirección de Ingresos, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a Dirección de Ingresos, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no



Concello de Vigo

prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(398).- RECTIFICACIÓN DE ERROS CONTIDOS NO ANUNCIO DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA -BOP, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014, 2015 E 2016, NA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN. EXPTE. 31723/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/04/18, dáse conta do informe-proposta do 04/04/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

“Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2018, aprobou as bases reitoras e convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 26 de marzo de 2018.

No apartado III das Bases específicas da praza de Técnico/a de Xestión (“Sistema de selección”) sinalábase “Establécese o de concurso oposición para promoción interna, para dúas prazas, entre o persoal integrado na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, subgrupo C1 de titulación,...”.

Detectado erro material no senso de que faise referencia á escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase, cometidos especiais, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, debe procederse á corrección do dito erro. Deste xeito, deberá contar coa seguinte redacción: “ Establécese o de concurso oposición para promoción interna, para dúas prazas, entre o persoal integrado na escala de **Administración xeral, subescala administrativa de admón. xeral**, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.”.

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da

Administración Local, pola técnica de administración xeral que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado III das bases específicas da praza de Técnico/a de Xestión, que pasa a contar coa seguinte redacción “Establécese o de concurso oposición para promoción interna, para dúas prazas, entre o persoal integrado na escala de **Administración xeral, subescala administrativa de admón. xeral**, subgrupo C1 de titulación, que contén cando menos cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.”.

Segundo.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(399).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2018. EXPTE. 1822/330.

Visto o informe xurídico do 23/03/18 e o informe de fiscalización do 13/04/18, dáse conta do informe-proposta do 13/03/18, asinado polo xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data do Rexistro Xeral 7 de marzo pasado, a Federación de Libreiros de Galicia presenta escrito de solicitude de subvención para o programa das FEIRAS DO LIBRO DE VIGO a realizar durante o exercicio 2018; por este motivo, con data 8 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención nominativa que figura no vixente orzamento municipal coa aplicación orzamentaria 3340.480.00.16, por importe de 7.200 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-



Concello de Vigo

A **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libeiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, ecentos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

PROGRAMA:

A FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO terá lugar na Porta do Sol do 28 de xuño ao 7 de xullo de 2018.

A FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO terá lugar na Praza de Compostela do 21 de xullo ao 5 de agosto de 2018.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 32.000 € (trinta e dous mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.200 € (22,50 %)
- Xunta de Galicia: 9.400 € (29,38 %)
- Recursos propios da entidade: 15.400 € (48,12 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF da presidenta
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento (neste caso o tomador do seguro é a empresa instaladora das estruturas e casetas das feiras "Xestión de montaxes Os Ancares S.L."; así mesmo, a póliza remata o 19 de abril de 2018, polo que deberán presentar no seu momento e previo ao inicio das actividades subvencionadas, recibo de renovación da póliza con nova vixencia que cubra as datas indicadas anteriormente)
- Escrito da Federación de Libeiros de Galicia de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *FEIRAS DO LIBRO DE VIGO*.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización do programa *FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2018*, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia ten como obxecto financiar a organización do programa *FEIRAS DO LIBRO DE VIGO* con cargo á partida 3340.480.00.16 "SUBVENCIÓN FEIRA DO LIBRO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN



Concello de Vigo

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 7.200 € (sete mil douscentos euros) á Federación de Libreiros de Galicia, CIF: V-15038458, para o financiamento do programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2018, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 “SUBVENCIÓN FEIRA DO LIBRO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2018”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA , PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O EXERCICIO 2018

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaoto

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D^a. Pilar Rodríguez Álvarez, na súa condición de presidenta da Federación de Libreiros de Galicia (CIF: V-15038458) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa República Salvador, 28, entrechán B, CP 15701, da cidade de Santiago de Compostela, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libeiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, ecentos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**, concretamente nas **FEIRAS DO LIBRO DE VIGO**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.16, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**, coa cantidade de 7.200 euros.*

*IV.- Que o **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver as **FEIRAS DO LIBRO DE VIGO** durante o exercicio 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 32.000 € (trinta e dous mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.200 € (22,50 %)



Concello de Vigo

- Xunta de Galicia: 9.400 € (29,38 %)
- Recursos propios da entidade: 15.400 € (48,12 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A FEIRA DO LIBRO NOVO DE VIGO terá lugar na Porta do Sol do 28 de xuño ao 7 de xullo de 2018.

A FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN DE VIGO terá lugar na Praza de Compostela do 21 de xullo ao 5 de agosto de 2018.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

-Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Pilar Rodríguez Álvarez, presidenta da mesma.

-Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

-Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

-Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

-Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

-Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

-Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

-A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

-Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.



Concello de Vigo

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.



Concello de Vigo

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto

no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos



Concello de Vigo

correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

14(400).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL. EXPTE. 5106/440.

Visto o informe de fiscalización do 13/04/18, dáse conta do informe-proposta do 12/04/18, asinado pola secretaria da mesa de contratación, que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	94,76
2	VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A.	93,52
3	DRAGADOS, S.A.	91,83
4	CIVISGLOBAL, S.L.U.	89,27
5	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. - AIRAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	89,49
6	UTE C.D. INDEPO, S.L. - HIDROMIÑO, S.L.	88,68
7	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	86,39
8	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	86,15
9	EXTRACO, S.A.	85,35
10	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	83,68
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	83,27
12	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,74
13	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	79,75
14	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.	78,95
15	FERROVIAL AGROMAN, S.A.	77,03
16	COPCISA, S.A.	75,97
17	UTE API MOVILIDAD-ECCASAS	74,73

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 851,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*



Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 4 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 12 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de marzo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA o procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) coas seguintes condicións por un prezo total de 4.066.810,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 705.810,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(401).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á CONVENTION BUREAU PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 7026/104.

Visto o informe xurídico do 16/03/18 e o informe de fiscalización do 10/04/18, dáse conta do informe-proposta do 06/03/18, asinado pola técnica de Turismo e conformado pola concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 5 de marzo de 2018 a directora-xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2018.

O obxecto do expediente correspóndese con materias de competencia propia atribuída a Entidade Local. De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

-Dotación inicial.

-As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.



Concello de Vigo

- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2018 (Nº de documento 180033365) e aporta o número de conta bancaria.

Tamén consta:

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
 - Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
 - Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
 - Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas de dereito público na vía de constrinximento, pendente de pagamento co Concello de Vigo.
 - Certificación do Secretario da FVCB na que consta que na reunión do padroado de data 29 de xuño de 2017 se notificou o incremento da transferencia (Nº documento 180015978)
- PLAN DE ACTUACIÓN, de data 2 de marzo de 2018 (Nº documento 180032342)
Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2018 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos do VCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos e segundo certificación do secretario da FVCB de data 29 de xaneiro de 2018 aprobarase na reunión do Padroado que terá lugar no primeiro trimestre do ano 2018.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB.-

Ata o ano 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á FVCB víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; a partires do pasado exercicio económico 2016, a achega económica do Concello de Vigo á FVCB pasouse a realizar a través dunha transferencia de financiamento.

Esta fórmula de financiamento subsistiu á subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2016, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral de datas 28 de xaneiro 2016, 16 de marzo 2016 e 5 de maio de 2016.

A Lei Xeral de subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicacións achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.

A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade da FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

As fundacións do sector público estatal definidas na Lei de Fundacións forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria.

A FVCB é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de acordo a Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2018 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

Dende o Servizo de Turismo remitíronse ao Servizo de Intervención os informes xustificativos correspondentes aos pagos realizados (Nº documentos:170075788, 170151467 e 170178572) sin que se recibise ningunha observación ao respecto.



Concello de Vigo

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 19 de xuño de 2015, establece na Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo, entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión de uso da oficina sita en Cánovas del Castillo, 3 , Of. 4, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa FVCB.

Por todo o antedito e coas conformidades da Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.-Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 200.000€ (dous centos mil euros), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- Primeiro pago de 100.000€, ingresado tralo acordo da Xunta de Goberno Local.
- Segundo pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de xuño do 2018.
- Terceiro pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de novembro do 2018.

2.-A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 4320.4890000 "Aportación Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.-A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.-

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.-

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB, entre as súas funcións destaca segundo o art.15,"aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

1.- Desenvolver o plan de actividade presentado en data 2 de marzo de 2018, asumindo a totalidade dos gastos que xere. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio presupostario.

2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas

- 3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo
- 4.- Colaborar co Concello de Vigo–Turismo de Vigo en cantas actuacións turísticas realice.
- 5.- Comunicar ao Concello de Vigo coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

- 1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.
- 2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN.

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2018.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo e posicionarse en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB.

A FVCB achegará á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

- a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.
- Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.
 - Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de novembro.



Concello de Vigo

- Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na segunda quincena do mes de decembro.
- b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión.
- c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.
- d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(402).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PAIS DE MINUSVÁLIDOS DE PONTEVEDRA (APAM), PARA A XESTIÓN DUNHA LUDOTECA DE INCLUSIÓN. EXPTE. 8563/336.

Visto o informe xurídico do 07/03/18 e o informe de fiscalización do 16/04/18, dáse conta do informe-proposta do 17/04/18, asinado pola xefa do servizo de Xuventude e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, Xuventude e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

“Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e Asociación APAM , para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2018.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación APAM é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002 , contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 24.500 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 17:00 e 20:00 hs.,excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A Asociación APAM destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persona .

Por todo elo proponse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca Inclusiva durante o ano 2018. Esta subvención cun importe de 24.500 € establécese a través dun convenio coa Asociación APAM.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sin perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellaría de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS



Concello de Vigo

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Daniel Varela Lago, con DNI: 36012389R como presidente da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 8563/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con dicapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 24.500 euros, a favor da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os

termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 8563/336

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, o Concello de Vigo e a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas, sendo a media de participación semanal de 50.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do



Concello de Vigo

seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral unha subvención por importe de 24.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria "SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP " 3370.489.00.03 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2018.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.250 €) e outro do 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Lavadores está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía

electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarase na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e **antes do 16 de novembro do presente ano.**

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.



Concello de Vigo

b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subvecniós que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo.

Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento.

Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a APAMP, Asociación de Familias de Personais con Parálise Cerebral deberá coforme á lei 9/2007 de subvencións de Galicia:

- Acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e)
- Presentar declaración responsable acreditativa de non incorrer nas circunstancias sinaladas no artigo 34.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 16 de novembro do 2018.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.



Concello de Vigo

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

O ALCALDE

Asdo. Abel Caballero Álvarez

D.Daniel Varela Lago

Presidente de APAMP

Por todo o exposto e unha vez subsanadas as observacións contidas no informe de Intervención de data 23 de marzo de 2018 e incorporadas á xestión de expedientes así como ao texto do convenio as propónse a Xunta de Goberno Local a

Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver a actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos, entre o Concello de Vigo e o Asociación APAM, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 24.500€ a favor da entidade APAM, C.I.F. G36624120 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 12.250€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (12.250 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(403).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez